



I.E.S AQUIS CELENIS

XANEIRO 2002





Revista do Equipo de Normalización Lingüística

Contido:

¡¡¡Boas, compañeir@s!!!

Aquí a tedes, estades ante o terceiro número de *Ruxe Ruxe*, a mellor revista que, seguro, lestes en moito tempo. É probable que vos encantasen as outras dúas, ¿non si? Pois avísovos: ¡esta fascinaravos!

Pero primeiro falemos de despedidas, das d@s nos@s “periodistas” precesores: Fátima Frieiro, Sara Castro, Miguel Ángel Lois, Sandra Diz, Graciela Ruibal, Rubén D. Lemetre e Mari Luz Sánchez. Moita sorte nas vosas vidas; *Ruxe Ruxe* sempre vos gardará un anaquiño no seu corazón, que o ten, e moi grande.

E, claro, así como uns marchan, outros chegamos. Benvidas a Susi, Natalia e Olalla, que somos poucas, si, pero échevos o que hai (ps, ps, ei, escoita, creo que quere dicir que fan falla máis colaborador@s).

En fin, ó que iamos. Mira o que tes nas mans: compráche-lo calendario por vinte pesos (60 céntimos) e desde a redacción agardamos que xa que a tes non a utilices só para dar uso á diana, así que lea, que non te arrepentirás, asegúrocho.

Seguindo a orde tradicional, agora tocan as congratulacións. ¿Que podó escribir? ¿Gracias Ramón, gracias Puri, gracias Chema, como é habitual? Pois non, hala. Eu poño: Gracias querido ordenador por quedar colgado cada vinte minutos mentres enmaquetabamos, e non cada dez, como o ano pasado. Gracias queridas folgas por permitir que pasabamos as mañás dos mércores traballando na revista e poder conservar dese modo as tardes libres. E gracias querida cámara de fotos en branco e negro, xa que gracias a ti foron bastantes os que nos libramos de parecer ollomoles no calendario.

Vale, vale, o que queirades: gracias Ramón, gracias Puri, gracias Chema... e Ángeles, e Guede, e Loli...

¡Oh! Sorry, sorry, esquecíame. ¡¡Que sexades benvid@s @s nov@s estudiant@s do centro!! Xa sabedes, *Ruxe Ruxe* estavos esperando.

A redacción

I.E.S. AQUIS CELENIS

CALDAS DE REIS

Falemos de ...exo	2
Opinión	7
A L.O.U.	9
Ecoloxía	13
Sala de profesores	14
Sulla Luna	16
Creación literaria	
Citas célebres	17
O ABC dos móbiles	18
Curiosidades	20
Deportes	22
Informática	24
Encrucillado	25



Falemos de ...EXO

HOMOFOBIA

I

“¡Mira que dous maricóns! Vaia merda. ¡Porcos, máis que porcos!”. A homosexualidade continúa sendo un tema tabú na sociedade actual; tanto é así, que as parellas gays non poden mostrar a súa verdadeira identidade tranquilamente e sen seren desprezados. A Igrexa, as crenzas e, en xeral, as relixións transmitiron durante moitos séculos o “negativo” desta realidade, alegando que o amor e, sobre todo, o sexo están destinados unicamente para a procreación, polo que o desexo entre dúas persoas iguais, que, polo tanto, non poden crear descendencia, é impuro e merece o castigo de Deus.

Por sorte, iniciativas como a de Amnistía Internacional, intentan poñer fin a esta situación, en concreto ás torturas que reciben gays e lesbianas en moitos países. Un caso é o de Katya Ivanova, unha muller homosexual que acudiu a unha comisaría en Moscova para denunciar o comportamento homófobo e racista que recibía dos seus veciños; o policía de garda terminou violándoa. Esta e moitas máis situacións semellantes constan no informe publicado por Amnistía Internacional, *Crimes de odio. Conspiración de silencio*, levado a cabo gracias á insistencia de numerosos colectivos homosexuais e transxéneros internacionais. Así, nel móstrase o estado destas persoas no mundo mediante uns datos tan horribles como o comentado.



II

Maricón, gay, homo, lesbiana... Son moitas as palabras que definen a homosexualidade pero, ¿sábese realmente o que isto significa? Abundan os que a tratan de enfermidade, desviación... incluso tolería. ¿Por que?

O amor e o sexo relaciónanase directamente coa procreación e, aínda hoxe, existen persoas en contra doutras prácticas alleas ó acto sexual. A homosexualidade, polo tanto, considérase algo impuro, malo, e a culpa tena, sobre todo, a Igrexa. A Biblia di: “Non te deitarás cun varón como cunha muller, é abominación.” Ante isto xorden dúas cuestións: ¿quen escribiu a Biblia? Crese que unhas falibles mans humanas, ¿non? Ben. E, se foi Deus quen creou os humanos, ¿por que os fixo así?

Acostúmase a pensar das cousas pouco habituais ou, mellor dito, non rutineiras, que son raras e negativas. Non é que os homosexuais sexan casos excepcionais; o malo é que teñen prohibido, coma quen di, mostrar a súa verdadeira identidade. En Paquistán, por exemplo, unha muller lesbiana castígase con cen azoutas en público, por non amentar que en nove países estas xentes son ilegais, peor ca se matasen alguén, cando o único que fan é amar e desexar, simplemente.

Amor, isto é a causa do debate, ¿En serio se pode pensar que querer a alguén poida ser unha enfermidade? Os que lles teñen medo, repugnancia, noxo... en fin, fobia, si que son os enfermos, persoas que non toleran o amor entre dous seres humanos.



Natalia Trasande 1º E

O SEXO sentido

1. ¿Cal é a mellor hora para practicar sexo?

Para os rapaces:

Pola mañá. A testosterona –hormona masculina- aumenta e ten máis enerxía.

Cun ligue:

Pola noite. Unha aventura vese moi favorecida polo misterio da escuridade.

Para as rapazas:

Ó mediodía e antes da ovulación. A prolactina –hormona feminina- está a tope.

Co teu moz@:

Durante a dixestión. Tense máis enerxía e a dixestión incrementa a sensualidade.

2. *Petting*


Caricias mutuas.

O *petting* consiste en intercambiar caricias sen chegar á penetración: utilizando a lingua, os beizos, as mans ou calquera obxecto (unha pluma, unha flor, un xeo, etc.). Xogas coas zonas eróxicas do seu corpo e el ou ela coas túas. Podedes gozar os dous moito desta maneira e incluso chegar ó orgasmo –aínda que non sempre se consegue.

Vantaxes.


Practicando *petting* non existe risco de embarazo nin de contaxio de enfermidades de transmisión sexual. Fai que saibas o que máis lle gusta á túa parella.

Gracias ó *petting* gañaredes moita confianza.



Susi Fontán 1º F

Se-xo



Estamos fartos de escoitar as mesmas cousas sobre sexo por parte de pais, de anuncios e conferencias, así que hoxe vamos a variar un pouco, que xa é hora.

Ante todo, un consello para os que insultan e acusan de saídos ós que gozan desta práctica; repete comigo: se-xo, se-xo. ¿Perdestes o medo? Ben, pois comecemos.

O sexo (¡que! ¿aínda che sobe un arrefío por dentro?) sempre estivo aí e sempre estivo mal visto. ¿Razón? Coma na maioría dos tabús, a relixión: que se é impuro, que se Deus o ve mal... ¡Deixádevos de parvadas! ¿En serio credes que ten algo de malo? Como di aquela cita que lin en internet, *non hai que armar tanto balbordo por unha contracción muscular que dura varios segundos*.

Mirade, os gregos falaban e representaban todo o referente á sexualidade cunha naturalidade asombrosa, mesmo veneraban a deuses fálicos e deusas eróticas. Pola contra, nós andamos toda a vida fuxindo dese tema, non fose que o Señor chegase a saber que faciamos actos pecaminosos, por Deus. Menos mal que a historia está cambiando e imos abrindo os ollos a novas experiencias e, polo tanto, a novos praceres.

Vale, agora que estamos un pouco máis familiarizados coa palabriña (se-xo, se-xo), sigamos.

Coma en todo artigo sobre sexualidade, temos que tocar un pouquiño a anticoncepción porque, aínda que pareza que o saibamos todo, tampouco é tanto. Comecemos polo condón.

Non vos discuto que mola máis sen el, pero pensade, ¿preferides destrozar a vosa vida cun fillo ou cunha ETS mortal a causa duns minutos no ceo? Recordade ós romanos. Eles utilizaban ¡intestinos de animais como preservativos! ¿Que preferides? Os profilácticos son finos, seguros e non proveñen do interior de animais, e menos dun lugar por onde pasa iso que nós depositamos no váter. ¡Puagh!

Tamén existen a píldora e a minipíldora, anticonceptivos orais compostos por hormonas. Diferéncianse en que a segunda contén menos hormonas e, polo tanto, menos efectos secundarios; pero hai que tomala todos os días á mesma hora, sen descansar sete, coma na primeira.

Por outra parte está o diafragma, dispositivo de goma ou silicona que se introduce na vaxina; o DIU, que o xinecólogo implanta no útero; os espermicidas, produtos químicos que matan ós espermatozoides; os inxectables, inxeccións de hormonas que se fan cada tres meses; ou os implantes, que se meten no brazo. Temos moitísimos métodos para prohibir o embarazo, todos seguros e fiables. ¿Por que usar outros como *a marcha atrás* que, á parte de perigosa, conleva desgustos ó longo do mes por medo á concepción? De acordo, non sei para qué pregunto se non ides entrar en razón.

Todos somos conscientes de que hoxe non hai que facelo para ter un fillo e tampouco se vai ter un fillo por facelo. Pero, coma sempre, suceden acontecementos imprevisibles e non desexados; por iso existe o aborto. En España pódese levar a cabo esta práctica baixo tres circunstancias:


1. Cando a saúde física ou psíquica da nai pode sufrir graves danos.
2. Se o embarazo é consecuencia dunha violación.
3. En caso de que o neno naza con malformacións físicas ou síquicas.

Os abortos deben ser realizados por un médico, xamais por calquera outra persoa; e as menores de idade teñen que ter a autorización dos pais ou tutores.

Normalmente recoméndase abortar no primeiro trimestre do embarazo, pois é máis doado, barato e seguro, á parte de que poucos doutores están dispostos a levalo a cabo cando o feto ten catro ou seis meses, por exemplo. Se se fai con menos de doce semanas a operación tarda entre cinco e quince minutos, utilizando anestesia local ou xeral. Nela dilátase o colo uterino e introdúcese un tubo aspirador que vacía o contido da matriz. Dúas horas despois, tras descansar e recuperarse, a paciente pode marchar, aínda que as dores e perdas de sangue continúan.

Tralo aviso de prevención, pasemos ó tema en cuestión (mira ti, saíume un pareado).

Segundo o *Kama Sutra* (manual sexual e espiritual da cultura oriental, escrito hai 2.000 anos na India) existen 529 posturas diferentes para facer o acto sexual. Si, xa sei, pero o caso é que eu só teño fichadas 46, así que descoñezo ónde están e cómo se fan as 483 restantes, polo que non me convence a afirmación de Vatsyayana, autor do libro. Ademais, a maioría delas son para profesionais de ioga que poidan pasar as pernas trala cabeza, e nós non entramos aí. Entre elas encóntanse a postura da ra, a postura da cabra ou a fusión; sinto non poñer ilustracións delas, pero deixo que as imaxinedes.



En cuestión de orgasmos, as mulleres podemos fardar de que somos quén de ter varios nunha soa relación, como supoño que sabedes. Claro está no Récord Guinnes, no que se le que unha muller tivo 134 nunha hora (un cada 30 segundos, aproximadamente), mentres que o home que máis conseguiu nese mesmo tempo só experimentou 16. De calquera maneira, imaxino que os dous rematarían esgotadísimos, ¿verdade?

En canto ó sexo con e sen amor, quero formular unha pregunta: ¿por que a xente que está en contra do acto sexual sen amor, non ve desa forma outras prácticas sexuais entre enredos dunha noite? Eu creo que a “culminación do encontro sexual” non é tal, pois paréceme unha práctica coma outra calquera, non a meta onde hai que chegar, o momento especial que todos agardamos. ¿Quen non esperou con desacougo ese primeiro bico? ¿E aquel outro agarimo? Deberíamos darlles importancia a todos os xogos, a todas as caricias, a todas as partes do corpo; o sexo non se trata soamente do coito, pene e vaxina. Existen miles de recunchos que descoñecemos porque non lles damos relevancia ningunha, fixándonos unicamente nos órganos de sempre e facendo as mesmas cousas. E iso, ó cabo do tempo, faise tan rutineiro que ata nos parece aballoado, aínda que algún ou algunha o negue.

En fin, compañeiro/as, teño que pór fin a este artigo, así que remato coa seguinte cita: *Meu fillo, recorda que o importante non é que o pene sexa grande ou pequeno, senón que estea duro e que dure.*

¿Que é iso do amor?

A cotío escoitamos falar á xente do amor, mais... ¿que é iso do amor? Se buscamos no dicionario atoparemos a seguinte definición: “sentimento afectivo cara a alguén ou algo”. Mais, en realidade... ¿é tan simple? ¿Sabemos de verdade cando nos namoramos? ¿Por que non nos ensinan a reaccionar ante isto? ¿É o amor eterno? ¿Que se sente cando se está namorado? ¿Como distinguir entre amor e amizade, entre amor e desexo? Estas preguntas e moitas máis xorden na nosa cabeza, tarde ou cedo, pero, a pesar de crer ter a resposta, ninguén sabe expresala, ninguén sabe dicir qué é o amor amor exactamente; entón, cando se chega a este punto, ¿que se debe facer? Pois tirar para adiante e tentar definir o amor a partir das nosas experiencias. Se non es capaz, non te preocupes pois, malia que os humanos somos tan intelixentes, hai cousas que nos escapan, cousas que aínda non fomos capaces de definir con precisión, como o amor, o odio, o desamor, a amizade, etc. Porque iso só se sente.


A pesar de todo, o amor é algo que está aí, día tras día, mais pódese vivir de diferentes maneiras, velaí tres exemplos:

“ Cando es rapaz ou rapaza e tes entre 12 e 15 anos cres que o amor é un conto ou quizá un xogo no que a vida te envolve, e que che fai ascender ás nubes. Cando estás namorado/a ou cres estalo, sénteste ben, preocupaste máis polo teu aspecto e pensas que o mundo é de cor rosa... Máis adiante, ao redor dos 25 ou 30 anos, a cousa xa cambia, coñécese a dor e xa pasou a fase do aparpamento; entón tómase o amor como algo máis serio, como peza fundamental das súas vidas, como algo que dá forzas día a día para enfrontarse á rutina.

E xa cando se rondan os 60 ou 70 anos, despois de pasar polas diferentes fases da vida, despois de madurar e despois de ter unha vida ás costas, con todo o que iso conleva, as persoas só queren que o amor lles dea sosego, e que as faga felices o resto da súa vida. Con todo isto non quero dicir que o amor entre dúas persoas poida durar sempre, pode haber algo parecido ao amor, mais o amor en si non dura, permanece o cariño, a confianza, os recordos comúns e, sobre todo, está esa comodidade que se sente ao estar con esa persoa. Mais “iso” que fai o amor diferente xa non está, xa non vive.

Supoño que algo do amor queda dito, e quero que saibades que isto non é un conto, con verbas bonitas; non, isto é froito de escoitar aos nosos maiores, porque da vida saben máis ca nós.

Agora o resto déixovolo a vós, sentade (se queredes) e reflexionade sobre o amor, que, aínda que ás veces pareza unha cursilada, todos/as sabemos que forma parte de nós.



M.J.F.P. 1ºF

Opinión




Machismo na RAE

Agora fálase moito do feminismo e da imaxe da muller no mundo, na publicidade, etc. Pero tamén temos que observala en algo tan corrente como as palabras e, para iso, imos utilizar exemplos sacados do diccionario oficial da lingua castelá: o da Real Academia Española. Como poderemos ver, esta non cumpriu enteiramente a súa promesa de eliminar os términos sexistas na súa última edición, a aquí presente.

- **Muller:** para a RAE, ademais de *persona de sexo feminino*, é *muller casada, con relación ó marido*. Sen embargo, do **home** di que é un *ser animado e racional*, engadindo que *comprende todo o xénero humano* e, xa polo final, aclara que tamén é *marido*, aínda que non di de quen, coma no caso da muller.
- Por outra parte, e vindo a conto isto do matrimonio, a **señora** é a *muller do señor*, mentres que este **señor**, ó parecer, só é dono de algo, un nobre ou Deus, nada que ver cun cónxuxe.
- **Mozo** é o *rapaz que fai recados e axuda en traballos de pouca importancia nas oficinas...*, sempre e cando sexa fóra da casa, xa que para iso está a **moza**, que é a *criada, empregada que traballa nos mesteres do fogar*.
- **Masculino** vén sendo algo *enérxico*, ó igual ca **macho**. Non obstante, **feminino** e **femia** significan, en palabras da RAE, *débil* e *frouxo*, respectivamente.
- **Amo** aparece definido como *dono dun negocio, "mayoral"...*, en fin, unha persoa con poder. **Ama**, ademais, é a *criada principal duna casa*, aínda que tamén a *dona dun bordel*.
- E falando de bordeis, atención coa **muller pública**, pois trátase dunha *prostituta*, ó contrario cá súa versión masculina, **home público**, que non é nin máis nin menos que *o que ten presenza e influxo na vida social*, vaia.
- Á súa vez, debemos amentar a **muller mundana**, a **muller perdida**, a **da arte** e a **de partido**, pois todas elas son *prostitutas*. Lamentámolo, pero os homes destas descrições non se atopan en ningunha parte, segundo a RAE, claro.
- Aínda que pareza mentira, todas as prostitutas das que falamos, polo momento, son iso, mulleres. Nembargantes, **prostitución** é definida con persoa, non muller, pese a que o resto de nomes dirixidos ós que exercen esta profesión sexan femininos, como **ramera**, **pécora**, **furcia**, etc. Mais, sigamos.
- **Rei** é o *monarca ou príncipe soberano dun reino*, ó igual ca **raíña**; eso si, o primeiro significado desta é o de *esposa do rei* e, no segundo, puntualiza que *goberna por dereito propio*, amigos.
- **Muller da súa casa** é *a que con dilixencia se ocupa dos labores domésticos e coida da súa facenda e familia*. Do **home da súa casa** non di nin chío.
- E xa que entramos en animais, **can** é un *home tenaz* e **raposo** tradúcese como *home astuto*. **Cadela** e **raposa** son, si, eso, prostitutas. ¿Como o adivinastes?
- **Hombrecillo** é unicamente o diminutivo de home. Pola súa parte, **mujercilla**, e tamén **mujerzuela**, son *mulleres perdidas, de mala vida*. Ben, polo menos esta vez non son putas.
- **Verduleiro**, por se non o sabedes, é a *persoa que vende verduras*, non como **verduleira**, que é unha *muller descarada e ordinaria*.
- **Honor** e **honra** coinciden en que significan *pudor, honestidade e recato das mulleres*. Os homes no deben telo, pois non se indica.
- **Muller fatal** é *aquela cun poder de atracción amorosa que conleva unha fin desgraciada a si mesma ou a quen atrae*. O **home fatal**, a pesar de que custe crelo, non existe.
- Para finalizar, un aviso importante ás lectoras: se queredes ser médicas, avogadas, etc., non estudiades, ¡casade cun deles! ¿Por que? Moi claro. **Xuíz** é a *persoa que ten autoridade e potestade para xulgar e sentenciar*. **Xuíza**, ademais, é a *muller do xuíz*. O mesmo ocorre con **médica**, **presidenta**, **ministra**... ¡e **raíña**! Despois de todo, a nosa única vocación non é a prostitución.

ORR 1ºE

Amantes do fume




Pode parecer unha perda de tempo escribir un artigo en contra do tabaco, posto que o 48% dos españois se declara fumador (aínda que parezan máis), pero, como eles seguen fumando, eu continuo protestando.

Por todas as partes se ven carteis que prohíben fumar, que o tabaco mata, que produce enfermidades... ¿Alguén fai caso? Non hai máis ca preguntar a calquera alumno fumador deste instituto para comprobar que o cancro de pulmón pouco lle importa. Hoxe a ninguén lle importa que o tabaco reduza en vinte anos a súa vida, que en Europa morran 500.000 persoas ó ano por culpa deste vicio ou que supoña en España 700.000 impostos que todos temos que pagar.

Algúns fuman por aburrimiento, outros por nerviosismo, outros porque moitos o fan, mais son poucos os que inhalan aquilo por gusto. ¿Podedes responderme a unha cuestión que non podo comprender? ¿Que maravillosa sensación se pode sentir ó tragar semellante produto gasoso? Se tanto vos gusta, ¿por que non fostes o día 11 de setembro a Nova York para mergullarvos nesa nube de po que seguro que vos encantaría? Porque, non me discutiredes que hai moita diferenza, ¿eh?

Fagades o que fagades, a nicotina contrólavos. Menuda vergoña, ¡dominados por unha insignificante substancia! Vós, a intelixente especie humana. Si, xa, podedes deixala cando queirades, igual ca aquel que dixo: *é moi fácil deixar de fumar; eu fixeno unha morea de veces*. Hum, alégrome de non caer na trampa en que estades vós, camiñando rapidamente cara a un organismo consumido que vos conducirá a unha morte prematura. Ben, a todos nos chegará o día do xuízo final; sen embargo existimos xente que non o buscamos parvamente, coma os amantes do fume, vós.



A sida

As veces que se fala do VIH / SIDA termínase falando da morte inevitablemente xa que é certo que a enfermidade mata. Non obstante, esa asociación non é demasiado axeitada pois dende o momento do contaxio ata o desenvolvemento da doenza adoita pasar bastantes anos, tempo no que o/a afectado/a é consciente de que vai morrer; mais, ¿non somos o resto da poboación semellantes?

Todo o mundo sabe que algún día, tarde ou cedo, chegará o final da súa existencia e ninguén pode predicir se a súa morte chegará ó día seguinte, ó cabo dun mes ou ós oitenta anos, igual ca unha persoa seropositiva. Polo tanto, parece inxusto que, a causa de ter un virus asasino no organismo, os infectados teñan que agardar a fin dos seus días ante desprezos e marxinacións.

Valéria Piassa Polizzi é un maravilloso exemplo que seguir dado que, dende o instante en que entende que quere vivir, aínda tendo o VIH, fai todo o posible para gozar da vida estudiando, viaxando, saíndo cos seus amigos... Pasábo mal, é verdade, principalmente cando os seus CD4 baixaban aínda máis; así e todo gozou coma nunca os últimos anos da súa existencia, conservados nas memorias que escribiu, publicadas co título *¿Por que a min?*

Todos somos persoas, sexa da raza, relixión, traballo ou grupo sanguíneo que sexa; por conseguinte, deberíamos facernos máis tolerantes e comprensivos visto que, como seres humanos, merecemos vivir, e estar apartado e só non é vida.

A L.O.U.

¿Reformar ou deformar?

Si, si, si. Podedes dicir que eu non son a persoa máis indicada para redactar un artigo protestando pola reforma educativa da que tanto se fala, principalmente porque non acudín a ningunha das vosas *folgas*; sen embargo, fixen algo máis reivindicativo (este texto) ca comer pipas na cafetería ou dar unha voltiña pola feira. Pero vaiamos ó caso.

Por un lado temos o PP, partido político de dereitas que loita desde hai cinco anos por conseguir que o seu eslogan *España va bien* sexa verdade (enténdese, pois, que España só os engloba a eles, os *altísimos*). E polo outro estamos os monicreques, ou clases media e baixa para os amigos, o/as que estamos a velas vir, deixándonos manexar na xusta democracia que existe neste goberno imposto polos xa mencionados. En fin, que os comezos de liberdade e igualdade establecidos na revolución francesa son nulos, qué felicidade.

Agora, a nosa querida ministra de educación (e parece mentira nunha muller), ó igual cós seus compañeiros de partido, tamén quere axudar os *menños de papi* e, simultaneamente, darnos pedradas ós demais, á parte de beneficiarse ela mesma, claro. Así que se lle ocorreu levar a cabo unha reválida para ocasionar que moitos de nós quedáramos fóra das universidades. ¿Que pretende con isto? Ademais de diñeiro, cómo non, que os mandadiños teñamos escasa cultura, aumentemos as listas do paro e vivamos baixo a ponte romana, deixando todo, como dicía antes, para os *menños de papi*.

¿Que boa expectativa de futuro nos agarda! Volveremos ós cultivos, á analfabetización e, ¿quen sabe?, ó Terceiro Mundo, sempre rexidos por uns ricachóns egoístas e intolerantes.



Acabo de recordar. Esquecíame mencionar un comentario que lin nun chat da comarca. Escriboo tal e como estaba alí, palabra por palabra, e prometo non facer ningún comentario ó respecto:

Fora a LOU queremos folgas todos los mercores que un dia na semana pra durmir agradecese :)



TROTAGONISTAS


 NATY



Natalia Trasande 1º E

CATÁLOGO DE CRÍTICAS Á L.O.U.

- Invade a autonomía universitaria das comunidades autónomas
- En canto a orzamentos, equipara a universidade privada coa pública
- Reduce a participación de estudantes e persoal administrativo (PAS)
- Introduce unha maior xerarquización no profesorado, con máis profesores contratados en peores condicións laborais
- Non se garante o financiamento das universidades públicas, que terían que aumentar as taxas ou recorrer ás empresas privadas
- Ensino elitista: foméntase a competitividade entre os centros. Habrá facultades de primeira, de segunda e de terceira
- A selectividade non desaparece: multiplícase. Habrá probas específicas en cada facultade
- O Distrito Único discrimina os estudantes das comunidades autónomas máis empobrecidas e atenta contra as diferencias culturais e lingüísticas
- Non se garante o actual sistema de bolsas de estudos e téndese á financiación dos estudos mediante créditos bancarios
- A participación de empresas privadas orientará a investigación, o que irá en detrimento de investigacións e estudos menos rendibles economicamente
- Esta lei impórase sen debate previo coas universidades e sectores afectados



L.O.U



Estas son fotos tomadas nas últimas manifestazóns en Santiago. Manifestazóns nas que o estudantado galego reclama o seu dereito a un ensino público e de cualidade. Dereitos que se ven ameazados coa chegada dunha reforma que leva a cabo o actual goberno do PP. ¿E por que se ven ameazados? Porque queren IMPOR unha nova Lei de Universidades (a LOU de marras) que fai delas unha empresa privada máis e na que perde dereito de estudar a xente sen recursos económicos. Por iso, o que nos toca facer a NÓS, os alumnos, é declarar-nos totalmente en contra da privatiza-

zón dun dereito público como é a Educaçón.

Os estudantes están-se a mobilizar en contra do que é inxusto. O que máis repercutiu nos medios de comunicazón son as manifestazóns, mais non é o único feito polo que protestan senón que se están levando a cabo moitas actividades ao respecto: encerros en facultades, cortes do tráfico (que chegan a facer varios km de retencións en autoestradas), assembleas informativas... E en Santiago: abrazos á catedral, percorridos desde facultades públicas até privadas (cantando en fila: "Estudantes somos, estudantes seremos, e polo privado nunca pasaremos")...

Infinidade de actividades que a xente que non está nos ambientes universitarios ou non moi ben informada non sabe delas. ¿E por que? Porque nos medios de comunicazón non se difunde o que non interesa, xa que a liberdade de prensa neste país, pode-se dicir, non existe.

Na marcha do 1 de decembro en Madrid uniron-se estudantes de toda España, na que houbo unha participación espectacular, inda que os datos que ofrecía o goberno e os convocantes eran moi diferentes. Desta mobilización algúns dician que estaba moi politizada e que moitos políticos aproveitaban para saír na foto. Por esa causa, fíxose outra mobilización alternativa e espontánea que facía un percorrido diferente da convocada.

Un feito sorprendente e moi polémico foi a actuación dos "antidistúrbios" en Santiago o luns 12. Non resulta normal que nunha pequena marcha de estudantes, sen dar motivo nengun, uns axentes que están contratados para evitar altercados se poñan a agredir aos manifestantes. Por tanto non é de estrañar que en posteriores manifestazóns se berren cousas como "Policia asasina!".

Así que, se che interesa estar tamén e queres conseguir máis información, recomendo-che estas páxinas:

<http://web.usc.es/%7Esrangepca/>
web.usc.es/~srangepca/mani14n-web/Ds00021.jpg
www.sindicatodeestudiantes.org
www.galiza-livre.com/agir/
www.geocities.com/asamblea_Compostela/polizei.jpg



Ecología


A contaminación



¿Non estás cansado de ir de excursión ó campo e, no canto de encontrar unha natureza sa, atopar algo parecido a un vertedoiro de grandes dimensións?, ¿de ir á praia e bañarte en algo parecido a un sumidoiro en vez de poderte divertir cunha auga cristalina e limpa? Eu tamén estou farto de que as empresas antepoñan obter beneficios a conservar e axudar a natureza. Non se dan de conta de que a destrucción do medio ambiente antes ou despois acabará coa cultura, economía e incluso coa sociedade galega.

Os montes (parte importante da paisaxe e historia galega) están hoxe en día sendo destruídos por empresas que os arrasan, sen pensar as consecuencias que terá sobre a fauna desa zona, e grandes zonas de montes que están a quedar deforestadas tardan máis tempo en rexenerarse do que realmente necesitan por non se seguir coas técnicas de corta selectiva. Esta deforestación tamén causa a erosión do terreo deforestado e mais a perda de solo no lugar no que se realizou a corta.

Outro dos problemas que afectan ós nosos montes é a implantación de parques eólicos nos mesmos. É certo que estes producen unha gran cantidade de electricidade, pero nun ecosistema constitúen elementos estraños para os animais que dentro dun certo tempo influíran na conducta e nos costumes dos mesmos.



Caso á parte é o dos ríos e mares galegos. Os vertidos que as fábricas efectúan neles convertéronos nos tristes protagonistas dun récord: seren os máis contaminados de España, e ademais con diferenza. Os exemplos máis característicos son os das rías de Vigo e Pontevedra, nas que non é necesario comentar nada, xa que “sobran as palabras”.

A natureza galega é de gran importancia e riqueza, e o que se pide é que a lei e a conciencia dos empresarios estean á mesma altura.

Ángel Iglesias 1ºA

Outro día na sala de profesores...

ALFONSO: (entrando pola porta) Bien, después de trabajar cinco minutos, vamos a descansar una hora.

TERESA: (intentando animar ó persoal) ¡Cu, cu!

LOIS: (farto de deixarse levar e perder o tempo) A ver, ¿fixéste-lo mapa conceptual?

CRUCES: (pensando rapidamente unha escusa aceptable) Esto... si... é que quedoume a carpeta na casa; tráiovolos mañá, ¿vale?

LOIS: (senalando a Cruces co dedo acusador) ¡¡Chico malo!!

GUEDE: (berrando alporizado) ¡¡¡Cada un ten que faguer o que ten que faguer!!!

MACEIRAS: (presentindo a velocidade á que voa o tempo) Por ahí atrás, sigue tú. (senalando o lugar no que se atopa Budiño)

BUDIÑO: A lo mejor si me indicaraís los recursos estilísticos expresados en lo conceptual, las metáforas fundamentalmente, yo...

CRUCES: ¡Xa soltou a parrafada!

LOLI: (corrixindo a súa compañeira) ¡Hay que hacer un esquema esquemático!

MANUELA: (desconfiando da cultura dos seus colegas) ¿Sabéis el significado de esa palabra?

TERESA: (insegura) No enchiendou, try in english.

CRUCES: (cabreado e desgustado pola situación) ¡¡Parece mentira!! Pero, ¿vós sodes da Terra?

SANMARTÍN: (preocupado e disposto a axudar) Tomad pulsaciones.

MIGUÉLEZ: (indignado polo comentario) Señor, iso fágao na súa casa á hora de comer.

MACEIRAS: (murmurando e sacudindo nerviosamente as mans) Shiss... callad, callad, callad.

LOLI: (collendo o libro e pasando as páxinas cara ó comezo) Bien, si vamos un poco más para adelante...

ISABEL: (rindo pola súa pregunta) A ver, ¿algún voluntario?

PILAR: Manolo, al fondo.

NINÍ: Vamos a ver, hálbanos tú de...

GUEDE: (interrompendo mentres fai tremer a mesa dunha palmada) ¡¡Pitufa, iso está mal escrito!!

MANOLO: (mirando o seu reloxo e poñendo cara de circunstancias) Ben, marchó, que os meus pokémons están sen enerxía.

ÁNGELA: (referíndose quen sabe a qué cousa) Pero grullo.

PEDRO: (deixándose levar polo ritmo da discusión) Un, dos, tres, cuá... (movendo os brazos acompañadamente)

MIGUÉLEZ: (aproveitando o momentíño para facer propaganda) ¡Ya es primavera en El Corte Inglés!

GUEDE: (avisando dun dato importante, aínda que só el sabe de qué fala) Ollo ó piollo.

ÁNGELES: ¿Estáis de acuerdo con el compañero?

ESTHER: No os tengo por qué dar explicaciones. Si tenéis alguna duda, venís en el recreo y venís a junto mía.

HILDA: No os olvidéis: sen cos, cos sen; sen sen, cos cos.

MANUELA: (avisando) Bueno, después del video pregunto.

LOLI: (pechando os ollos e poñendo cara de circunstancias por ter que interrumpir) ¿Me dejáis que haga un inciso?

XOSÉ MANUEL: A priori...

PURI: ¿Cuá cuá cuá?

CRUCES: ¿Isto sóavos a chinés, a lingua estranxeira...?

BUDIÑO: (emocionada) Fijaos qué profundo, qué intenso.

MACEIRAS: (procurando que todos presten atención) ¿Estáis cogiendo nota?

ÁNGELA: (mantendo a calma no grupo) Xa sei que agora parece moi difícil, pero despois, cando o explique...

MANOLO: (de acordo coa obxección) Moi ben, moi ben.

SANMARTÍN: (falando consternado por algún comentario descoñecido) Pero, ¿cuál es el problema de que no queráis ir a la piscina? ¿El bañador?

ROSALES: (que conectara o transistor neses instantes) A min non me importa adicar unha clase a falar diso, pero...

ÁNGELES: (corroborando ao seu compañeiro) ¡Mucho cuidadoño!

PURI: (irritada) ¡¡Iso é un erro moi importante!! Por iso báixovos un punto.

DOLORES: (farta da situación) ¡No me digáis otra vez que eso no lo entendéis!

CHEMA: No sé si me explico...

GUEDE: (esixindo algunha resposta) ¿Si ou si? ¡¡¡Di si!!!

(Entón escóitase o timbre que supón a volta ás clases. Todos se dispoñen a marchar, pero segue habendo algún que aínda non está disposto.)

CRUCES: (mirando seriamente ó persoal) Aínda non rematei.


XOSÉ MANUEL: Non me axudes a tocar o... (moi expresivo)

RITA: (anoxada pola maneira de falar do seu compañeiro) ¡Como sigamos así, imos acabar mal! (sinalando a porta)

MIGUÉLEZ: Señorita, esa palabra sae no diccionario.

ISABEL: (poñendo o puntinho final á escena) Con C de caca.

NINÍ: (erguéndose e alzando as mans) ¡Cómo sois! ¡Es que sois la monda!



[Estes *dialoguiños* fixémoslos un grupo de estudantes de 1º de Bacharelato. Ó igual cós do número anterior, non aceptamos ningún tipo de reproche por parte dos profesores, polo que agardamos deles, e tamén dos demais, numerosas felicitacións e palmadiñas nas costas, suaves, claro. Por certo, todo isto está baseado en feitos reais, non é ficción ;).]

Sulla Luna



Sulla Luna, per piacere,
non mandate un generale:
ne farebbe una caserma
con la tromba e il caporale.

Non mandateci un banchiere
sul satellite d'argento,
o lo mette in cassaforte
per mostrarlo a pagamento.

Non mandateci un ministro
col suo seguito di uscieri:
empirebbe di scartoffie
i lunatici crateri.

Ha da essere un poeta
sulla Luna ad allunare:
con la testa nella Luna
lui da un pezzo ci sa stare...

A sognar i più bei sogni
é da un pezzo abituato:
sa sperare l'impossibile
anche quando è disperato.

Or che i sogni e le speranze
si fan veri come fiori,
sulla Luna e sulla Terra
fate largo ai sognatori!

Non mandedes, por favor,
á Lúa un xeneral,
montaría alí un cuartel
con trompeta e oficial.

Non mandedes un banqueiro
ó satélite prateado,
meteríao en caixa forte
como diñeiro aforrado.

Non mandedes un ministro
de séquito empiriquitado,
enchería con pancartas
os cráteres do astro arxentado.

Ha ser un poeta
o que á Lúa se achegue
pois adoita alí pousar a testa
para que deste mundo sosegue...

A soñar fermosos soños
está ben acostumbrado,
sabe esperar o imposible
mesmo estando desesperado.

Pois que os soños e a esperanza
se volven reais como as flores,
tanto na Lúa coma na Terra
¡deixade paso ós soñadores!

GIANNI RODARI

Citas célebres

Non te preocupes polo que os demais
pensen de ti, eles están demasiado
preocupados polo que ti pensas deles

Mide as túas riquezas polas cousas
que xamais cambiarías por cartos

O que podes fai
o que non critica.

Ti es o que pensas,
non o que dis

Se queres chegar alto na vida, salta

Empregar o anonimato dun muro para
insultar un/ha compañeir@ é de covardes


Existen dúas palabras na vida que che
abrirán moitas portas: tire e empuje

Fago o que creo
e non o que debo

O ABC dos mobiles

Hoxe en día vemos e escribimos continuamente mensaxes polo móbil ou a través de internet, todos eles cheos de signos e abreviaturas que a xente foi inventando. Por iso, desde esta revista queremos publicar unha especie de diccionario coas mensaxes e emoticóns máis utilizados. Sen embargo, primeiro imos coas regras clave:

- Preguntas e exclamacións: cun signo ó final basta.
- As vocales habituais, os acentos e o *h* non existen.
- Os signos e cifras valen polo que significan o soan.
- CH convértese en X; e LL pasa a ser Y.
- Regra de ouro: todo o que se entende, serve.



-	menos
\$	saldo
?!	nin idea
+ trd	máis tarde
1 mnt	un momento
7D	semana
a2	adeus
OSC	ó saír da clase
bss	bicos
cbt	cobertura
FX	cine
crg	cargador
d da	de día
d nxe	de noite
d2	dedos
dko	discoteca
tou akí	estou aquí
E-M	e-mail
fin d smm	fin de semana
fodt	fódete
grr	anoxado
ins	instituto
q fs?	¿que fas?
q qrs?	¿que queres?
q risa!	¡que risa!
q xe psa?	¿que che pasa?
q tl?	¿que tal?
qdms?	¿quedamos?
kl	clase
ma	mamá
km?	¿quéresme?
msx	mensaxe
mb	móbil

mxo	moito
nd?	¿onde?
NOS	non o sei
NPF	non poddo falar
NPI	nin puta idea
NT1P	non teño un peso
pa	para / papá
PDT	paso de tí
prs	persoa
plis	por favor
pqno	pequeno
prf	profe
sb	sobre
sbs?	¿sabes?
sbdo	sábado
SMS	mensaxe curta
srt!	¡sorte!
ta lgo	ata logo
tas OK?	¿estás ben?
VTL	véxote logo
tl	teléfono
tm	tamén
tño	teño
tv	televisión
k t	quérote
wpa	guapa
x	por
xa	para
xam	exame
xq?	¿por que?
xo	pero
xmm	chámame
Zzz	durmo

:-)	ha ha	}	sen comentarios
~)	hi hi	<:-)	para preguntas parvas
~D	ho ho	:~)))	moooi feliz
:~>	eh	;~)	un chisco de ollo
:~(bua	:~9	lambo os beizos
:~	hummm	(~:	son zurdo
:~O	ups	:~')	choro de felicidade
:~*	uuups	:~@	estou berrando
:~o	¡oh, no!	:~x	bico con lingua
:~C	son un vago	:~D	fai-me gracia
:~X	sei gardar segredos	~O	bocexo
:~Q	fumo	:~p	sácoche a lingua



:8)	porco	:~''	asubiando
p~(pirata	%~)	borracho
(_8^())	Homer Simpson	:~+(doeume ese comentario
>~)	demo sorrindo	<==o	estou asustado
	estou durmindo	B~)	levo lentes de sol
^o	roncando	O~)	son un anxo
:~):~)	gargalladas	@>—;—	rosa
:~/	non ten gracia	}}{	bolboreta
[!]	aperta	3~o	vaca tola

Ah! Recordde q tds q apgar o mv ns klss. :***

Curiosidades

Buf! Toca historia, ou mate, ¡que aburrimiento! ¿Aburrimiento? A ver qué opinades disto.

NATURAIS

¿Por que os profes de naturais só saben falar da biosfera, dos puñeteiros átomos ou do espacio exterior (mm, isto último penso que será porque lles é ben familiar)? ¿Sabías ti, por exemplo, que os leóns, en época de reprodución, copulan a todas as leoas da manada durante tres días seguidos sen comeren nin beberen nada? ¡Que mataos!, dirán algúns. Si, pero ningún de vós pasa o día fodendo, ¡ha! Os animais son máis listos do que parecen, e se non decídello ás barbantesas femias, pois comezan as súas relacións sexuais decapitando á súa parella. Ben, a razón non é que eviten ver a cara do seu amante; simplemente é que as barbantesas machos non poden copular mentres a súa cabeza continúe adherida ó seu corpo. Agora algo que non sei: ¿que lles pasa despois do acto? ¿Morren? ¿Crécelles outra testa? En todo caso, que saibades que os únicos animais que teñen sexo por pracer son os humanos, os golfiños (se o nome tiña que vir de algo, si) e @s mon@s.

Por certo, algo que vos resultará coñecido (non miro a ninguén) é que un ollo dunha avestruz é máis grande có seu cerebro. Pobres, ¿non? Estas seguro que non son tan intelixentes como dicíamos antes, sen embargo poden presumir de que corren máis que calquera, polo menos dos polos, xa que destes o voo rexistrado de maior duración é de trece segundos, unha chea. Ben, e, ¿sabedes cal é o animal, só no listado, que non pode saltar? Tachán, tachán... o elefante (e menos mal, meu Deus).

Pero deixemos ós animalíños e centrémonos na especie humana. Unha persoa non se pode matar a si mesma aguantando a respiración, se non, facede a proba, con coidadiño, eh! Para mortes xa temos as das nosas neuronas, visto que cada día se van para non sei qué mundo cen mil delas. ¿Que pena? Entón a ver se deixamos de beber, que cada borracheira mata varios millóns (dáme a impresión de que esa pena momentánea tamén deixou de existir).

MATEMÁTICAS


Trigonometría, raíces... mi má, ¡que horror! Hum... collede a calculadora e multiplícade $111.111.111 \times 111.111.111$. Vale, dígovos a resposta para que vexades o boa (peza) que son, aí vai: 12.345.678.987.654.321. Agora razoade vós, que eu son de letras.

Unha última cousa neste apartado: ¿como se chama un polígono de 56.645 lados. Preparádevos: *pentakismyriohexakisquilioletracosiohexacontapentagonalis*; ¡ai!, que cansa estou.

HISTORIA

Non toda a historia é pesada, ¡que credes! Os centurións romanos eran moi presumidos e, antes das batallas que nós temos que estudar, pasaban pola manicura e depilaban a peluxe das pernas, así que mirade. Thomas Edison, inventor da lámpada, para os despistados, tiña medo á escuridade; e a xordeira da muller de Alexander Graham Bell provocou que este inventara o teléfono.


¿Nunca vos preguntastes por que os ingleses conducen pola esquerda? Pois resulta que na época dos carros de cabalos, como todos ían pola dereita morría moita xente a causa dos lategazos da carruaxe do lado; polo tanto, buscaron unha solución e déronse de conta de que polo outro camiño o látego non daba a ninguén. Cuestión: ¿que fixeron entón en España?



Para finalizar, un pouco de estatísticas. ¿Cal é a porcentaxe de salvaxes en África? 28%. ¿En en Norteamérica (terra do futuro, bla bla bla)? 38%. Paréceme que gaña esta, ¿non?

CULTURA RELIXIOSA

Síntoo, pero se hai algo neste mundo que non me gustaría ser é cura, sobre todo no Antigo Exipto, onde os sacerdotes arrincaban cada pelo do seu corpo, incluso cellas e pestanas. ¡Home! Como non buscaban máis amor có do seu Altísimo... Imaxino que en Turín (Italia) non fan nada diso as 40.000 persoas que renden culto ó mesmísimo demo, ¡serán peores! Aínda que non creo que sexan coma os homes do Antigo Oriente que, como vían mal e ata consideraban perigosa para eles a virxindade das súas esposas, desflorábanas cunha barra de ferro ou encomendábanlle o traballo a un escravo. Non sei qué é mellor, se isto ou casar con todos os fillos dunha familia para compartirme entre eles coma unha boneca, algo que facían os Tre-ba do Tibet. Sen comentarios.



LINGUA

Vamos facer caso ós profes e enriquezamos o noso vocabulario, pero á nosa maneira. ¿De onde pode vir a palabra *fornicar*? Deriva do latín *fornice*, que significa curvatura inferior dun arco, xa que baixo as bóvedas das pontes e rúas escuras era onde se atopaban as prostitutas romanas.


A palabra *testificar* vén de testículos debido a que os benditos romanos, ó xuraren, puñan a man dereita nos xa mencionados.

Sen embargo, canguro provén dos ingleses que chegaron a Australia e veron a este animal por vez primeira, polo que lle preguntaron a un indíxena polo seu nome. Como o pobre home respondía *Kan Ghu Ru*, os ingleses adaptaron iso a súa lingua (kangaroo). O que non sabían era que o indíxena dicía *non o entendo*.

Na Antiga Inglaterra non se podía ter sexo sen o consentimento do rei, xa vedes. Se se quería ter un fillo había que ter o permiso do monarca. Daquela, dábanche unha plaquiña que colgabas na porta da casa mentres estabas na faena. Nela puña: *Fornication Under Consent of the King* (F.U.C.K.). De aí a palabrota, como diría Guede.

¡Non marchedes, que xa remato! Durante a guerra de secesión, cando as tropas regresaban ós seus cuarteis sen ter ningunha baixa, puñan nun gran taboleiro *0 Killed* (cero mortos). Así que de iso vén a expresión OK para dicir que algo vai ben.

OLALLA RODRÍGUEZ RUS



Deportes

Automobilismo: deporte ou tolemia

Vendo a cantidade de xente que acode a un rally, pódese decatarse un de que os que de verdade lles gusta iso o consideran coma un deporte. Non hai máis que ver a paixón coa que animan, ó veren pasar os seus ídolos, os afeccionados.

O automobilismo galego é rico e variado; nel destacan pilotos de gran calidade, como o actual campión galego Manuel Senra, que destaca polo seu bo facer co volante en terreo seco e revirado. Outro piloto de gran calidade, Xermán Castrillón, ex-campión galego, este ano non puido revalidar o seu título pola gran temporada de Senra, e tamén por un altercado que protagonizou coa Federación Galega de Automobilismo, que lle impediu participar na maioría dos "rallyes" do campionato. Xunto a estes dous valores coñecidos están a xurdir outros novos que están a facerlle fronte dunha maneira increíble; entre estes novos pilotos destacan nomes como o de Manuel Santiso, Xulio Doce, Xabier Magariños, os irmáns Rantur ou Carballido.


Sen embargo, este deporte ten un aspecto moi negativo: a mala imaxe pública que del se dá, o que fai que moita xente teña unha perspectiva del como a dun deporte para tolos.

A esta imaxe contribúe en gran maneira a forma que teñen os medios de comunicación de tratar a información relativa ós rallyes. Na televisión, radio, periódicos, etc. só aparece información ampla dos rallyes cando no transcurso dun ocorre un accidente no que hai feridos ou incluso vítimas mortais. Nembargantes, non se lle ocorre explicar as causas polas que sucedeu iso, que normalmente é a mala colocación dos espectadores, que se sitúan en zonas nas que poden ser alcanzados pola traxectoria dun vehículo que se saia da pista.

Ós medios de comunicación tampouco se lles ocorre dicir que ós rallyes vai xente de todo tipo, e que na maioría destas competicións que se celebran en Galicia xúntanse case uns dez mil afeccionados, polo que a asistencia de público supera por moito á doutros deportes que, emporiso, teñen máis e mellor presenza nos medios de comunicación, e por esta razón dedúcese que os medios de comunicación queren eliminar estas carreiras como deporte.

O único que se quere dicir con este artigo é que se respecte un *deporte* que é seguido por moita xente e practicado por outra tanta, como se respectan outras afeccións neste país.

Ángel Iglesias e Esteban Rey 1ºA



A ascensión do fútbol galego nos últimos anos


Nos últimos anos o fútbol galego está nun gran auxe. Como exemplo deste bo momento do que están a gozar os equipos galegos en competicións europeas, temos que mencionar aquí o fútbol que despregou o R.C. Celta de Vigo nas últimas edicións da copa da UEFA e o papel que fixo o R.C. Deportivo da Coruña na súa primeira edición da Liga de Campións. Pódese sinalar cómo o Celta se desfixo de grandes equipos do Vello Continente, como poden ser o Aston Vila, Estrela Roxa, Liverpool, Benfica e outros máis logo de realizaren uns grandes partidos. Tamén cabería citar o papel que desempeñou o Depor na súa estrea nesta última edición da Liga de Campións. Na competición tivo que deixar apeados equipos tales como son os dous grandes do fútbol italiano, o Milán e Juventus, e outros como o PSG, Hamburgo, Galatasaray, etc. Sen embargo, a súa sorte neste torneo veríase truncada en cuartos de final, nos que sería eliminado polo conxunto inglés do Leeds United, que ese ano foi a revelación do torneo continental.

Tamén cabería citar a temporada 99/00, na que o R. C. Deportivo da Coruña gañou por primeira vez o título de campión de liga para o fútbol galego.

En canto ó R.C. Celta de Vigo, ese mesmo ano, debido á súa clasificación, tivo que acceder á Copa Intertoto para poder disputar a copa da UEFA; esto conseguíuno ó vencer na Copa Intertoto ó Zenith de San Petersburgo, ademais este sería o primeiro trofeo europeo que gaña un equipo galego no que levan de historia. Gracias a isto o Celta entraría na UEFA e chegaría ata os cuartos de final, onde deixou eliminados grandes equipos.

Nesta última temporada o Depor logrou quedar subcampión no Campionato Estatal de Liga 00/01, por detrás do Real Madrid, que quedaría finalmente campión, mentres que o Celta quedaría no sexto posto da táboa, polo que se clasificou desta maneira para a UEFA coma nos anos anteriores.


No apartado da Copa da súa Maxestade o Rei, o Depor quedaría eliminado na segunda ronda polo Tenerife; pola contra o Celta chegaría ata a final, que se celebrou en Sevilla, no estadio da Cartuja, pero con tanta mala sorte que perdería por 3-1 contra o Zaragoza ó igual ca nas temporadas de 1948 e 1994.



Eugenio Arranz, José Manuel Fariña e Javier Magariños 1º A e 1º E

Informática

XOGOS DE ORDENADOR




Hai todo tipo de xogos para ordenador, dende un simple xogo de coches ou motos ata un xogo complicado de estratexia.

Os meus gustos referentes ós xogos van máis encamiñados ós de estratexia. Estes parécenme máis entretidos, xa que hai que exprimir un pouquiño máis as neuronas, ca nun simple xogo no que o fin é ser aquel que baleira máis cargadores de balas. Non desestimo estes últimos xa que a súa calidade técnica resulta cada día maior. É un xénero de xogos coma outro calquera, pero eu non me encamiño por eles. Ben, non podo dicir que botar unha partida en rede cos compañeiros non sexa do máis divertido, pero facelo só non o é tanto.

Entre os xogos de estratexia que hai aconsello o Age of Empires e o Commandos, este último é un dos mellores xogos de estratexia que hai nestes momentos para ordenador. Podería botar horas falando deste último, pero para aqueles que saben do que falo, sobran tódalas palabras, o único que conta é sentar diante da pantalla do ordenador.

Tamén habería que falar sobre os xogos de automobilismo, en especial os de rallys. Estes atraen tanto a xente nova coma non tan nova. Entre estes xogos pódese destacar o "Collin McRae" e tamén, en motociclismo, o Motor Racer, que uns dos mellores xogos de motos.

Eugenio Arranz García 1ºA



ENCRUCILLADO

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
A										
B										
C										
D										
E										
F										
G										
H										
I										
L										

CADA LETRA NUN SÓ CADRO

HORIZONTALAIS: A- Profesor parecido a Papá Pitufo. Profesora enxebre de Cultura Francesa. B- Rochas que orbitan entre Marte e Xúpiter. C- Profesor filósofo. Vai para fóra, sobre todo se o/a botan da clase. Consoante que imita o timbre entre clases. D- Símbolo do osíxeno. Levántanse para redactar o que se falou nunha reunión. Andaba, camiñaba. E- Do revés, profesor artista. Calquera animal voador excepto os morcegos. F- O primeiro na súa especialidade. Símbolo do nitróxeno. O mesmo ca *ós*. Cincuenta romanos. G- Ameaza cada inverno Caldas de Reis, sobre todo se chove de máis. Lei que ocasiona moitísimas folgas durante este curso. H- Cincocentos romanos. Vehículo para andar sobre a neve que adoita ir tirado por cans. Ó revés, preposición. I- A muller da ESO. Por cincuenta dá unha clase. L- Este verbo indica qué debemos facer co noso idioma se non queremos que desapareza, é dicir, usalo sempre na nosa Terra.

VERTICAIS: 1- Un peteiroulle o ollo ó protagonista de *Un ollo de vidro*, de Castelao. Entran en combustión. 2- Emprego, utilizo, normalizo o galego. Dese xeito. Sen compañía. 3- Do revés, nome dunha profesora ou da administrativa. Flor da laranxeira 4- Vou para abaixo. Mil romanos. 5- Terminación dos verbos da segunda conxugación. Símbolo do torio. Aparello para defenderse ou atacar, pero non se debe andar con ela. 6- Do revés, suceso imprevisto. Cada un dos órganos que temos para mexar. 7- Recipientes de pedra para a auga. Drevés, aspiro sen o hache. 8- Do revés, apócope de Eduardo. Cociño ó lume. Urce, breixo, torga. 9- Nota musical. Catro romanos. Enzoufa, embouta, enlorda. 10- Estado dos xudeus. Do revés, come cos dentes coam un rato.

Xogando coas matemáticas

OS FILLOS DOS MEUS AMIGOS

Dous amigos A e B teñen cadanseus tres fillos. Os fillos de A suman os mesmos anos cós fillos de B. Un amigo dille ó outro: “O produto das idades dos nosos fillos é 36 e a suma das idades é igual ó número da casa que hai ó lado”. O outro amigo sae á rúa, mira o número da casa veciña, e di: “Pero...”. Inmediatamente, o seu interlocutor interrómpeo dicindo: “¡Ah! Perdón, fai falla aclarar que a miña filla maior toca o piano”. ¿Cales son as tres idades dos fillos?

NA FAMILIA

Cando a miña nai tiña 41 anos, eu tiña 9. Agora ela ten o dobre da miña idade. ¿Cantos anos teño?

ADIVIÑO

Pídeselle a un amigo que pense un número de dúas cifras. Que duplique a cifra das decenas, que lle sume 5 ó resultado, que multiplique por 5 a suma obtida, que ó produto lle sume a cifra das unidades e que nos diga o resultado. Nós restámoslle 25 e a diferenza é o número buscado. ¿Por que?

NOME E COR NON VAN

Tres nenas van vestidas con blusa e saia. As blusas son rosa, violeta e branca. Pregúntaselles: “¿Como vos chamades?”. E contestan: “Os nosos nomes son os mesmos cás cores das blusas”. Outras das nenas aclara que ningunha leva a cor da blusa do seu nome. ¿Cales son as relacións entre o nome e a cor da blusa?

UNHA DIFERENTE

A ver se es quen de determinar, só con tres pesadas nunha balanza de pratos, cal das doce bólas, iguais en aspecto, ten un peso diferente.



Concurso de Fotografía



Esta é a foto gañadora do Primeiro Concurso de Fotografía. Como podes ver, calquera tema valía para presentar unha imaxe divertida coma esta. A gañadora foi Olalla Rodríguez Rus porque máis ninguén presentou nada, así que ten ben merecido o premio. Anímate para a seguinte vez.

